

Olimpiada Matemática Galega de 2.º da ESO

MANUEL VILARIÑO FREIRE

Desde o ano 2015, a zona de Lugo de AGAPEMA coordina a organización en Galicia da Olimpiada Matemática de 2.º da ESO, evento que adoita acoller a 500 estudantes distribuídos en 7 zonas, unha por cada unha das principais cidades galegas.

A nova lei educativa establece que a resolución de problemas «non é só un obxectivo da aprendizaxe das matemáticas, senón que tamén é unha das principais formas de aprender matemáticas», poñendo no centro dos procesos de ensino-aprendizaxe a reflexión pausada necesaria para que a nosa materia non se basee tanto na imitación da exposición de procedementos e que o noso alumnado asuma o protagonismo con técnicas metodolóxicas activas e inclusivas, cada vez máis necesarias nunhas aulas tan diversas como as que forman parte da nosa realidade actual. No mes de xullo de 2023, as ponencias do congreso da Escuela Miguel de Guzmán celebrado en Santiago de Compostela baixo o lema “Igualdade e inclusión son símbolos matemáticos” tiveron presente de maneira constante a resolución de problemas como actividade de mellora desde a nosa materia das competencias socio-afectivas, utilizando a potencia da aprendizaxe cooperativa na procura dun verdadeiro ensino competencial e inclusivo.

Actividade para o alumnado

A Olimpiada Matemática encaixa á perfección neste marco, xa que naceu co obxectivo de promover un ensino das matemáticas máis orientado á resolución de problemas, á reflexión e á creatividade que á clásica aprendizaxe de algoritmos matemáticos por repetición. Divídese en catro fases. A primeira realízase nos propios centros educativos, sendo o profesorado quen selecciona aos dous representantes de cada grupo que asistirán á fase de zona. Aí, e en función da proporción de inscritos en cada unha delas, clasificarán para a fase final en Lugo 40 rapaces e rapazas que viviron, nesta ocasión o 25 de maio de 2023, unha xornada completa de actividades matemáticas.



Convocouse aos finalistas no Círculo das Artes ás 12h para a celebración da proba que, coma sempre, consistiría na resolución de 5 problemas durante 2 horas. A seguir, convidouse aos asistentes a un xantar nun restaurante da cidade para coller forzas de cara ás actividades da tarde. Mentres os membros do xurado corruxían a proba, os finalistas, distribuídos en grupos de 8, participaban na competición por equipos que tivo lugar na Praza Maior. Por último, ás 18h da tarde chegaba o momento de coñecer o nome dos premiados e, sobre todo, dos 3 finalistas que representarían a Galicia na fase final española a celebrar en Tenerife na última semana de xuño. O acto celebrouse no Pazo de San Marcos coa presenza de Pila García Agra, secretaria de AGAPEMA e de Maite Ferreiro, vicepresidenta da Deputación de Lugo, principal patrocinador do evento.

O cadro de honra quedou conformado como segue:

Premio á Beleza Matemática

Iris Santana Cacabelos,
do IES Castelao de Vigo

Mención de Honra

Breixo Vidal Salgueiro,
do IES Illa de Tambo de Marín

3.º Finalista

Mateo Rivas Otero,
do IES Sánchez Cantón de Pontevedra

Subcampión

Pablo Freire Fernández,
do IES As Lagoas de Ourense

Campioa

Ana Jorquera Domínguez,
do IES Rosalía de Castro de Santiago



Os representantes galegos adoitan ter unha actuación destacada nas fases finais españolas e este ano en Tenerife non foi ningunha excepción. O alumno Pablo Freire do IES as Lagoas obtivo o recoñecemento do xurado e conseguiu ser un dos gañadores finais vivindo unha experiencia inesquecible, xunto cos sesenta finalistas procedentes de todas as comunidades autónomas.



O grupo de docentes que levamos estes nove anos organizando a Olimpiada temos como gran fonte de enerxía a colaboración entusiasta dos compañeiros e compañeiras de AGAPEMA distribuídos polas 7 zonas que, no último xoves de abril, sempre se ofrecen para axudar na preparación das probas en cada unha das cidades e na súa corrección, presentando puntualmente a relación de finalistas.

Xa o día da fase final, podemos constatar que ese entusiasmo se traslada a todo o profesorado e familias que acompañan aos seus fillos e fillas ata Lugo disfrutar da fase final. A ilusión da rapazada e o agradecemento de tódalas persoas participantes son os que nos dan forzas para ano a ano seguir sacando tempo para ofrecer este espazo de fomento da creatividade e o talento matemático.

Manuel Vilariño Freire
IES Leiras Pulpeiro (Lugo)
<mvilario@edu.xunta.gal>